



BOP

XOVES, 12 DE FEBREIRO DE 2026

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación

desde o día 12-02-2026
ata a día 12-03-2026

O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE FEBREIRO DE 2026, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD CATRO PRAZAS DE AUXILIAR, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 6 de febreiro de 2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

"As bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas ofertas de emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade) publicáronse no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de oposición, catro prazas de auxiliar, da escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, fixéronse públicas no BOP núm. 111, do 16.05.2025.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditadas polas persoas aspirantes proposta a documentación á que se refire a base xeral 10, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 11.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo, nomeando como persoal funcionario de carreira a:

Dona Uxía Fernández Fernández, para ocupar a praza número 959, denominada auxiliar, escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado auxiliar entrada, número 1641, vinculado á citada praza.

Dona Iria Palacios Fernández, para ocupar a praza número 957, denominada auxiliar, escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado auxiliar entrada, número 1637, vinculado á citada praza.

Don Diego Pérez Flores, para ocupar a praza número 956, denominada auxiliar, escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado auxiliar entrada, número 1636, vinculado á citada praza.

Don Juan Carlos Fernández López, para ocupar a praza número 582, denominada auxiliar, escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C - subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2023, adxudicándolle o posto de traballo denominado auxiliar entrada, número 663, vinculado á citada praza."

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 9 de febreiro de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0325

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 12-02-2026
ata a día 12-03-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

PO.
